

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de febreiro de 2022**

Ás 17.00 horas do día 17 de febreiro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada do Grupo Popular dona Consuelo Vispo Seara (substituída por dona Ana María Villarino Pardo) nin a deputada do Grupo Socialista dona Susana Rodríguez Estévez (substituída por dona Rosario Rodríguez Delgado)

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE XANEIRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de xaneiro de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 20 de xaneiro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A MELLORA DA DIAGNOSE, VALORACIÓN, SEGUIMENTO E TRATAMENTO DA SILICOSE EN OURENSE

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, dá lectura ao contido da moción.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, di que fai unha reserva de voto ata o día do Pleno para poder estudar máis con profundidade esta moción e poder facer achegas.

D. Bernardo Varela López, do BNG, considera que esta moción é unha reivindicación xusta. Pero fai un apuntamento xa que non entende porque a unidade de referencia debería estar situada en Ourense, e considera que debería estar no hospital comarcal de Valdeorras xa que é onde se dá a casuística, e dos datos que achegan dezaioito dos vinte pensionistas que padecen esta doenza, son traballadores das louseiras de Valdeorras. Igual ocorre cos afectados de asbestos en Ferrol. Considera que se debería pedir que estivera en Valdeorras. Respecto ao contido da moción, o considera razoable e lóxico. En Asturias está o centro de referencia porque era onde se producía a problemática de silicose pola minería. Recalca que considera que se debería achegar a Valdeorras a nivel de todo o Estado, por ser o centro de produción da lousa.

D. Armando Ojea Bouzo, de DO, di que fai unha reserva de voto para analizar a moción. Engade que historicamente na nosa provincia tivo incidencia no século pasado e xa se produciron problemas con motivo da execución dos túneles dos ferrocarrís, era o mal da vía, e ignorábase que a causa era a silicose que produciu moitos falecementos. Sinala que curiosamente falecían os que vivían máis preto dos túneles e non os que vivían máis lonxe, que camiñaban quilómetros ata as súas casas xa que de camiño se lle limpaban os pulmóns. Este problema da silicose dáse hoxe en Valdeorras. Engade que é un problema que se debe abordar e solucionar. Reitera que fai reserva de voto para analizar o asunto con calma.

A presidenta da comisión sinala que o seu grupo fai reserva de voto para o Pleno, xa que é un tema moi sensible e farán un estudo deste para o Pleno.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, indica que entenden que a unidade de referencia debe estar no hospital da capital en Ourense e en Valdeorras debería haber unha unidade de pneumoloxía.

D. Bernardo Varela López, do BNG, recalca sobre a súa argumentación que por exemplo na Coruña o centro de asbestos está en Ferrol e non no hospital da Coruña ou Santiago e considera que neste caso debería estar a unidade de referencia en Valdeorras para focalizar o problema. Considera que se estamos a defender que se debe achegar a sanidade á veciñanza o centro debe estar en Valdeorras. Isto non o fai como unha emenda pero parécelle lóxico.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia á creación de dúas unidades de referencia dentro da rede pública do Servizo Galego de Saúde –unha en Ourense e outra en Pontevedra- para a diagnose, detección, valoración, seguimento e tratamento da silicose, para os traballadores e traballadoras do sector da lousa e da pedra.

2º.- Instar á Xunta de Galicia á posta en marcha dun programa integral de silicose que conte coa participación das consellerías con competencias nesta materia –Emprego, Sanidade e Industria-, con liñas concretas de actuación en formación; protocolos de actuación ou seguimento e control da actividade e investigación, no que se establezan, como principios orientadores, a participación consensuada e activa de todos os actores implicados (sindicatos, patronal, ISGA, servizos de prevención e mutuas, INSS, TXSS, sociedades científicas, etcétera).

3º.- Instar á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, á implantación no Hospital Comarcal de Valdeorras dunha unidade de pneumoloxía, coordinada coa do hospital de referencia na provincia, para o seguimento periódico de doentes, debido á incidencia de casos de silicose.

4º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a asumir publicamente o compromiso de defender os intereses e necesidades da veciñanza de Ourense, esixíndolle á Xunta o cumprimento das xustas peticións enumeradas nos puntos anteriores.

3º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA A ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA QUE O SECTOR BANCARIO GARANTA UNHA ATENCIÓN DIGNA AOS SEUS USUARIOS

D. Bernardo Varela López, do BNG, dá lectura ao contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, di que fai unha reserva de voto ata o día do pleno para estudar en profundidade este problema que xa foi tratado neste salón plenario.

D. Armando Ojea Bouzo, de DO, di que fai unha reserva do voto. Cando falaba o representante do BNG da falta de privacidade recorda cando había xente na súa aldea que non sabía ler, e acudían a que lle leran as cartas os veciños. Pois algo parecido ocorre hoxe. No pleno tomaran unha decisión ao respecto.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que este asunto xa veu no mes de abril. A problemática segue aí. Todos sufrimos cos nosos maiores este tema. Recentemente o Senado propuxo unha normativa, pero ata agora a normativa é escasa. Fai reserva de voto, no Pleno o tratarán máis profundamente. A problemática está aí e hai que darlle solucións por parte das institucións.

A presidenta da comisión considera que a problemática está aí e é un asunto para seguir reflexionando para o Pleno. Fai reserva de voto para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Reiterar os acordos acadados no pleno de abril de 2021.
2. Solicitar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado Español, que desenvolvan a lexislación necesaria para garantir a atención persoal a todo usuario que o precise en horarios legalmente establecidos (cun mínimo legal diario de 6 horas de caixa aberta nos días laborables), non só a persoas con poucas habilidades dixitais, senón tamén ás persoas de zonas con dificultade de acceso a internet. E impedindo a imposición de contías mínimas superiores os 100 euros nas cantidades a retirar por caixa.
3. Instar á Xunta de Galiza a rectificar a súa política de subvencións de caixeiros por contribuír ao efecto chamada de peche de servizos. Dando unha falsa sensación de mantemento dos servizos, cando en moitos dos casos este modelo ven ser un substituto das propias oficinas bancarias preexistentes neses concellos.

4. Demandar do goberno central a modificación da regulación do sector financeiro para garantir por parte da gran banca unha rede mínima de oficinas e caixeiros e unha atención presencial mínima para as persoas consumidoras.
5. Demandar a modificación da lei de servizos de pagos para establecer unha tarifa básica que permita nos concellos onde só hai caixeiro dunha única entidade que se poidan realizar un certo número de operacións a un prezo básico.
6. Instar ao Parlamento de Galiza a promover unha lei de reforma do sistema financeiro que evite que os bancos, da noite para a mañá, pechen sucursais en zonas estratéxicas, sexa no rural, sexa nos barrios das cidades, deixando tirados veciños, comerciantes, empresarios e demais usuarios.
7. Demandar da Xunta de Galiza impulsar novas fórmulas de participación pública da economía, a comezar polo impulso dun Instituto Galego de Crédito como entidade pública empresarial adscrita á consellaría competente en materia de economía, con personalidade xurídica propia, para contribuír ao impulso da reactivación económica galega e do acceso a crédito e financiamento dos sectores produtivos e innovadores e, particularmente, das pequenas e medianas empresas autónomas e autónomos.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta por unha cuestión que xa se preguntou nas comisións do mes de decembro. Pregunta se se vai facilitar o documento coas valoracións finais do Plan de Igualdade rematado en decembro de 2021, e quere saber se se acadaron os obxectivos e as propostas de modificación. Quere saber se o segundo plan xa se elaborou e puxo en marcha xa que na páxina da Deputación aínda segue colgado o primeiro plan, e está sen actualizar. Quere saber en que situación están os plans de igualdade da Deputación.

A presidenta da comisión responde que o 31 de decembro rematou o Plan de Igualdade. Aínda non se reuniu o Comité de Igualdade para aprobar o informe final de valoración do Plan. Faltaba incluír o protocolo de acoso, que xa foi aprobado, e cre que aínda non está na páxina da Deputación. Engade que o motivo é que ela estivo tres semanas de baixa e tamén tivemos problemas de COVID-19, e por ese motivo aínda non se reuniron. Respecto ao segundo plan de igualdade, estase iniciando o procedemento para a súa contratación que pronto se dará a coñecer, e respecto ao que figura na páxina web, hai intención de cambiar a

páxina da Deputación en xeral, e implemantaríase todo. E a súa intención colgar todo o traballo que está feito para que se poida consultar con facilidade. Esperemos que co segundo Plan se corrixa respecto ao acceso, e recorda que é un plan interno para os traballadores da Deputación. Non se acadaron os obxectivos de facilidade de transmisión da información de todo o que se fai e das actuacións que se levan feito nestes tres anos da igualdade. En canto se presente ante o Comité de Igualdade se lles facilitará a todos os grupos.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta pola aplicación móbil “vou contigo” que se presentou hai un ano. Quere saber o grado de utilización desta aplicación, naquel momento era unha app en fase de desenvolvemento, non sabe canto tempo leva en activo, canta xente a puido utilizar, se o botón do pánico se utilizou moitas veces, se está funcionando. Pide un pouco de información ao respecto.

A presidenta da comisión di que aínda non está funcionando. Ela a ten, está nunha fase de probas, e unha ferramenta marabillosa, e a queren facer intuitiva. Había dúas cousas que están valorando. Os técnicos da casa a están elaborando. Hoxe se fixeron unhas probas, por exemplo, considérase máis sinxelo crear grupos engadindo a través do teléfono móbil e no con conta de correos electrónicos. Nestes días vaise poñer en funcionamento. En decembro ou xaneiro xa se puido ter sacado, pero queremos que sexa unha ferramenta que dende o día un funcione perfectamente e non ter que facer cambios e que sexa máis intuitiva. En poucos días, antes do oito de marzo, estará operativa. Polo seu gusto estaría antes do carnaval, para poder darlles seguridade ás persoas que poidan estar soas. Cre que vai ser unha ferramenta moi útil, funciona pero non moi óptima, sobre todo pensando nos adolescentes. Ten que ser un aplicativo moi rápido e intuitivo no que non teñamos que pensar. Nestes días van estar solucionadas as pequenas cousas de axustes.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, lembra, respecto ao que dicía que debe ser unha aplicación intuitiva para a xente nova, que non debemos esquecernos da xente máis maior que non está tan habituada e busquemos un sistema no que lle sexa doado facer as alertas.

A presidenta da comisión explica que segundo se entra na aplicación xa hai un botón do pánico, e quremos facelo máis grande, para evitar o titubeo e gañar segundos que poden ser fundamentais, pensando en xente máis maior ou nunha situación de nervios. Queremos que teña un funcionamento moi sinxelo, e iso require cambios na aplicación que os informáticos teñen que axustar.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta polos actos que están previstos para conmemorar o 8M.

A presidenta da comisión responde que se están elaborando e pechando os actos, confirma que volveremos participar na carreira libre como acto deportivo, e nas actividades que estamos elaborando e pronto daránselle a coñecer á cidadanía.

E, ás 17.40 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.